

PLAN DE TRABAJO DA COORDINACIÓN DE BENESTAR E CONVIVENCIA

CEIP San Martiño

ANEXO AO PLAN DE
CONVIVENCIA

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 10-10-2023

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 10-10-2023

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:



Plan de traballo da Coordinación de benestar e convivencia

Índice

1- Introducción.....	4
2- Análise do contexto.....	6
3- Obxectivos.....	7
4- Seguimento, avaliación e modificación do plan.....	10
5- Difusión do plan.....	11

INTRODUCCIÓN

A educación non a podemos entender como un proceso bidireccional de intercambio de información, senón que é un proceso de interacción continuo co entorno e con todos os axentes implicados no mesmo. É por iso, que a convivencia constitúe un pilar fundamental nos centros educativos; A existencia dun bo clima escolar é clave para que o proceso de ensinanza aprendizaxe poida levarse a cabo con éxito.

No CEIP San Martiño, estamos seguros/as que para previr conflitos que poidan interferir negativamente no proceso educativo, temos que levar a cabo actuacións que favorezan unha convivencia positiva. Así, durante este curso escolar 2023-24, traballaremos nos proxectos relacionados coa xestión de emocións e habilidades sociais, coa igualdade entre homes e mulleres e erradicación da violencia de xénero, na inclusión...

Este Plan de traballo, integrador, pretende dar continuidade a todas aquelas medidas postas en marcha, co obxectivo de que continúen sendo o mellor garante para a existencia dun bo clima escolar, e coa inclusión de novas medidas adaptadas a nosa realidade social.

O Plan de Coordinación de Benestar e Convivencia estruturase en nove ámbitos de traballo, onde se implica a toda a comunidade educativa, xa que a convivencia é responsabilidade de todas e todos.

Preténdese que sexa un plan claro e conciso seguindo os puntos que marca a *ORDE de 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia*, e tomando como referentes os diferentes documentos de centro relacionados coa convivencia: Plan de Convivencia, NOFC, PXA, Proxectos do Contrato Programa INCLÚE: InclúeT, ConvíveT, IguálaT, EmociónaT.

Contextualización do plan no centro

O CEIP San Martiño atópase nun ámbito semirural, moi preto da cidade de Pontevedra. É un centro de liña un, contando cos 3 niveis do 2º ciclo de Educación Infantil e os 6 niveis de Educación Primaria.

O claustro de mestras e mestres está formado por nove persoas titoras, unha mestra especialista en música, unha mestra especialista en Lingua Estranxeira Inglés, un mestre especialista en Educación Física, unha mestra, compartida con outro centro, de Relixión e tres persoas que forman o Departamento de Orientación.

En canto aos Plans e Proxectos en materia de Convivencia, salienta que o CEIP San Martiño recolle no seu Proxecto Educativo valores de identidade como a coeducación, integración e valores democráticos, a importancia da relación entre as distintas titorías /ou familias e o Departamento de Orientación... Así mesmo, as NOFC revísanse, e actualízanse en caso de ser necesario, cada ano, servindo de ferramentas de prevención e actuación para toda a comunidade educativa e, o Plan de Convivencia, recolle o principio de igualdade

entre homes e mulleres e a mediación na xestión de conflitos, incluíndo actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Xustificación da necesidade do plan

Na *ORDE do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia*, fíxanse as funcións da coordinadora en tres ámbitos de relación: Equipo Directivo, Departamento de Orientación e ANPA. É por iso, que cremos importante que esa coordinadora teña acceso e tempo aos tres ámbitos descritos anteriormente.

De todos os xeitos, as funcións da persoa coordinadora de Benestar e Convivencia, establecidas na Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, xa viñan sendo realizadas nos centros educativos a través do desenvolvemento do Plan de Convivencia, pero hoxe en día, é preciso acomodar a figura ao marco normativo do sistema educativo galego, xa que son moitos os cambios que se están a producir nos comportamentos sociais que afectan ao papel da educación e nós, como centro educativo, non podemos permanecer alleos a estes cambios. Ter presentes os dereitos da infancia, a igualdade de xénero a través da coeducación e a aprendizaxe da igualdade entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero e o respecto á diversidade afectivo-sexual, a inclusión para que todo o alumnado teña garantías de éxito, a importancia dun desenvolvemento sostible que inclúa a educación para a paz e os dereitos humanos... son consideracións que se inclúen no currículo e que os docentes temos que proporcionarlle pautas de acción e orientacións para que o alumnado as logre.

Por iso, debe existir unha persoa que coordine e concrete anualmente na PXA os obxectivos que se desenvolven neste Plan que, no noso caso, será a persoa que ocupe a praza da especialidade de Pedagogía Terapéutica. O CEIP San Martiño conta cun Departamento de Orientación formado por unha persoa xefa de departamento, unha persoa especialista en Pedagogía Terapéutica e outra en Audición e Linguaxe. Todas os membros son de recente incorporación ao centro e, ademais, tanto a Xefatura do Departamento como a persoa especialista en Audición e Linguaxe, comparten o seu horario con outros centros. Así mesmo, soamente un martes pola tarde ao mes contamos coa Xefatura do Departamento para reunións, polo que, en moitas ocasións faise complicado coordinarse co Equipo Directivo e/ou as titorías, de aí que a coordinadora do Plan de Benestar e Convivencia sexa a persoa con xornada completa no centro, é dicir, a especialista en Pedagogía Terapéutica.

ANÁLISE DO CONTEXTO

A construción de espazos escolares seguros onde o alumnado estea protexido é unha cuestión de responsabilidade de toda a comunidade educativa. No CEIP San Martiño, levamos moitos tempo percorrendo este camiño, con logros importantes pero conscientes de que nos queda moito por traballar.

O noso centro non destaca por ser conflictivo, pero si que destacamos que existen momentos e/ou lugares onde se crean momentos de maior tensión entre o alumnado, que existe unha mala xestión das emocións e/ou escasa empatía.

O Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar establece que cada centro debe ter o seu plan de convivencia adaptado ás necesidades do centro. Idea que abala o actual decreto de educación primaria, o Decreto 155/22 do 15 de setembro polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Tomando como referencia este plan de convivencia concretado no noso centro e a súa análise previa, tal como recolle e detalla dito documento destácanse os aspectos de conflictividade, que se deron nestes anos no centro a nivel de convivencia, pasando a citar estes catro aspectos:

- As condutas disruptivas nos momentos de recreo, xurdidas sobre todo, a raíz da excesiva competitividade que xeran os partidos de fútbol no patio entre o alumnado.
- As agresións verbais entre o alumnado, que xorden sobre todo, no patio, no transporte escolar e, algunhas veces, na aula.
- A indisciplina, que se ben, non é aplicable á meirande parte do alumnado, si se deron algúns casos, sobre todo naquel alumnado, que presenta algún problema asociado de aprendizaxe, trastorno de conduta...
- Por último, e en menor medida, as agresións físicas entre o alumnado, que se poden circunscribir na meirande das veces a momentos de xogo e de competición.

En canto ao traballo realizado durante os últimos anos, destacar que o centro leva participando dous anos no Contrato Programa Inclúe (Modalidade IguálaT), levando a cabo obradoiros de habilidades sociais, dinámicas de grupo co alumnado e coas familias, actualizando anualmente as NOFC, aplicando o Plan de Convivencia, cumprindo co Protocolo de protección de datos...

E tal como especificamos a continuación, continuaremos traballando nesa liña, en busca da mellorar da convivencia.

OBXECTIVOS

Os obxectivos recollidos a continuación están formulados en diferentes ámbitos de traballo que nacen das funcións da persoa coordinadora de benestar e convivencia que se recollen na *Orde do 23 de agosto de 2023 de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.*

Ámbito de traballo 1:
IMPULSO DO PLAN DE CONVIVENCIA E DA FIGURA DA COORDINACIÓN DE BENESTAR E CONVIVENCIA

Obxectivo 1:	Dar a coñecer o Plan de Traballo da Coordinación de Benestar e Convivencia a toda a Comunidade Educativa
Indicador:	- A Comunidade Educativa coñece a figura e o Plan.

Ámbito de traballo 2:
RESOLUCIÓN PACÍFICA DE CONFLICTOS

Obxectivo 1:	Coordinar diferentes accións de sensibilización para previr conflitos.
Indicador:	- Realízanse actividades para a prevención de conflitos.
Obxectivo 2:	Fomentar entre toda a comunidade educativa o emprego de diferentes métodos de resolución de conflitos.
Indicador:	- Diminución dos conflitos no centro educativo.

Ámbito de traballo 3:
FORMACIÓN SOBRE CONVIVENCIA

Obxectivo 1:	Difundir entre o profesorado ofertas formativas no ámbito da convivencia escolar.
Indicador:	- O claustro ten acceso a diferentes ofertas formativas.
Obxectivo 2:	Promover actividades de formación encamiñadas á mellora de habilidades sociais e autorregulación do alumnado.
Indicador:	- Lévanse a cabo actividades de formación sobre habilidades sociais.
Obxectivo 3:	Formar en mediación escolar para a resolución de conflitos ao alumnado e profesorado.
Indicador:	- O alumnado e profesorado fórmase en mediación escolar.

Ámbito de traballo 4: ALIMENTACIÓN SAUDABLE	
Obxectivo 1:	Sensibilizar e promover no alumnado e nas familias hábitos saudables na alimentación.
Indicadores:	<ul style="list-style-type: none"> - Propóñense e lévanse a cabo actividades de concienciación ao alumnado e as familias. - Existe unha estreita relación co Coordinador de Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables, propoñendo e organizando actividades e/ou obradoiros conxuntamente.

Ámbito de traballo 5: PROTECCIÓN DE DATOS	
Obxectivo 1:	Promover, naquelas situacións que poidan implicar un tratamento ilícito de datos de carácter persoal das persoas menores de idade, a comunicación por parte do centro educativo aos organismos competentes.
Indicador:	- Coordinación entre centro e distintos organismos: Consellería de Educación, Inspección Educativa, Corpos de seguridade...
Obxectivo 2	Proporcionar información sobre a protección datos ao claustro.
Indicador:	- Cómprese o Protocolo de Protección de Datos dos centros escolares da Xunta de Galicia.

Ámbito de traballo 6: POSTA EN MARCHA DE PROGRAMAS SOBRE CONVIVENCIA E MELLORA DE RELACIÓNS	
Obxectivo 1:	Coordinar as actividades plantexadas no Contrato Programa Inclúe (EmociónT, InclúeT, ConvíveT, IguálaT) coas persoas responsables dos diferentes proxectos que melloran a convivencia e relacións no centro educativo.
Indicador:	- Existen reunións para organizar as diferentes actividades.
Obxectivo 2:	Coordinarse co Equipo Directivo e Xefatura do Departamento de Orientación para a revisión dos programas e plans relacionados coa Convivencia.
Indicador:	- Actualización dos plans e programas en materia de convivencia.
Obxectivo 3:	Implementar o programa de mediación na escola.
Indicador:	- Créase e ponse en marcha a intervención do alumnado mediador.
Obxectivo 4:	Previr, detectar e tratar as situacións de acoso escolar e ciberacoso.

Indicador:	- Non existen casos de acoso e ciberacoso entre o alumnado.
------------	---

Ámbito de traballo 7:

ALUMNADO CON DIVERSIDADE FUNCIONAL/VULNERABLE

Obxectivo 1:	Propoñer, e colaborar coa coordinadora do Programa Inclúe-T e Equipo Directivo na posta en marcha de actividades relacionadas coa inclusión.
Indicador:	- Existe unha proposta de actividades relacionadas coa inclusión.
Obxectivo 2:	Promover a empatía e o respecto cara ao alumnado con diversidade funcional/vulnerable.
Indicador:	- O alumnado con diversidade funcional/ vulnerable é respectado pola Comunidade Educativa.

Ámbito de traballo 8:

**POSTA EN MARCHA DOS PROTOCOLOS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E COMUNICACIÓN CON
AXENTES EXTERNOS**

Obxectivo 1:	Dar a coñecer os diferentes protocolos.
Indicador:	- A Comunidade Educativa é coñecedora da existencia dos diferentes protocolos relacionados coa convivencia e alumnado con NEAE.
Obxectivo 2:	Implementar os diferentes protocolos e levar a cabo a notificación aos axentes externos pertinentes (de ser o caso).
Indicador:	- Posta en marcha protocolos e/ou comunicación dos casos aos axentes externos.

Ámbito de traballo 9:

PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS

Obxectivo 1:	Sensibilizar a todas as familias sobre a repercusión positiva que a mellora da convivencia ten nas relacións sociais e no fogar.
Indicador:	- As familias benefíciense das actividades de sensibilización programadas no centro.
Obxectivo 2:	Promover a participación das familias en actividades relacionadas coa convivencia escolar.
Indicador:	- As familias están incluídas na labor da mellora da convivencia.

Estes obxectivos xerais concretaranse anualmente en diferentes accións na Programación Xeral Anual de cada curso académico.

SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN DE TRABALLO.

O plan de traballo incluírase como un Anexo dentro do Plan de Convivencia ao cal se lle fará un seguimento e avaliación a través da concreción anual na Programación Xeral Anual.

Seguimento:

A persoa coordinadora de Benestar e Convivencia, cunha periodicidade mínima trimestral revisará os diferentes obxectivos concretados nas accións a desenvolver na Programación Xeral Anual para ver o sistema de cumprimento das mesmas e o axuste nas datas de execución así como as posibles modificacións, tanto das accións como das diferentes propostas de mellora. Colaborará neste proceso o equipo directivo e o Departamento de Orientación.

Avaliación e modificación:

Ao final do curso, na memoria final, recollerase o nivel de consecución dos obxectivos propostos a través das accións, o grao de consecución, os resultados e as propostas de mellora para o ano seguinte, modificando, se fose o caso o Plan de Traballo deseñado.



DIFUSIÓN DO PLAN DE TRABALLO

Para difundir o plan de traballo seguirase o seguinte procedemento:

- Información á Comunidade Educativa da figura da coordinación de Benestar e Convivencia.
- Exposición e aprobación do plan de traballo e da inclusión do mesmo como un Anexo dentro do Plan de Convivencia aos órganos colexiados como son o Claustro e o Consello Escolar.
- Difusión do Plan de Convivencia actualizado co Anexo do Plan de Traballo da Coordinación de benestar e convivencia por medio da canle corporativa do centro que é a páxina web.
- Este plan atoparase impreso no centro educativo para a consulta en formato papel.